



PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSION EN LINGUA INGLESA "VIGO EN INGLÉS 2020"

1º COMO SOLICITAR A PRAZA

Entra nas webs "www.vigoeningles.org/convocatoria" e/ou "www.escolasvigo.org/vigoeningles", cubre o formulario de solicitude de praza:

- **Solicitude presencial**- Imprime o formulario de solicitude, asinao e xunto coa documentación requerida presentao no Rexistro Xeral do Concello (Luns a Venres entre 9-13,30h).

- **Solicitude telemática**- Cubre o formulario de solicitude e anexa toda a documentación requerida vía Rexistro electrónico.

2º REQUISITOS

a) Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2019/2020

b) Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

c) Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

d) Estar empadroadado no Concello de Vigo (vixencia mínima 01/01/2019)

e) Non ter concedida, no ano 2020, outra axuda coa mesma finalidade.

f) DNI/NIE ou pasaporte alumno/a en vigor (vixencia mínima de 6 meses).

3º DOCUMENTACION QUE TES QUE PRESENTAR

SOLICITUDE PRESENCIAL:

a) **Formulario de solicitude de praza** unha vez cuberto vía web e asinado.

b) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste **estar matriculado en 3.º de ESO no curso académico 2019/2020, ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO, e a nota final en lingua inglesa de 2º da ESO.**

c) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor).

d) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude.

e) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal**

f) De ser o caso, **acreditación documental das circunstancias familiares**, tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez).

g) De ser o caso, **Certificado de discapacidade de algún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%

h) **Xustificación de ingresos**: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

i) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico orixinal** que así o acredite.

SOLICITUDE TELEMÁTICA:

Xunto co Formulario de Solicitude cómpre anexar vía rexistro electrónico toda a documentación requerida citada anteriormente.

4º PRAZO DE PRESENTACIÓN E RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A partir da data de publicación da concesión das prazas definitivas nas páxinas web "www.vigoeningles.org/convocatoria" e/ou "www.escolasvigo.org/vigoeningles" haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar:

- **Exentos de pago**- Anexo de aceptación ou renuncia da praza

- **Con achega familiar**- Tramitación vía telemática do pagamento

5º CRITERIOS DE VALORACIÓN

Nota final inglés 2º ESO	Puntos
7	1
8	2
9	3
10	4

Familia Numerosa	Puntos
Categoría xeral	1
Categoría especial	2

6º DETERMINACIÓN UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

- Cónxuxes e os seus descendentes menores de 25 anos.
- Custodia compartida: os dous proxenitores e os seus descendentes menores de 25 anos.
- Sen custodia compartida, viuvez, monoparental,- O/a proxenitor/a que teña a custodia e os seus descendentes menores de 25 anos. Nesta caso soamente asina a solicitude o/a proxenitor/a que teña a custodia.
- Caso de divorcio ou viuvez e constitución de nova unidade familiar- O/a novo/ a cónxuxe e os descendentes. Neste caso na solicitude deben figurar os datos do/a novo/a cónxuxe que debe asinar a solicitude.

7º ACHEGAS FAMILIARES

Renda per cápita anual	Achega familiar
Ata 6.000.-€	Exento/a de pago
De 6.001 a 10.000.-€	240.-€
De 10.001 a 13.000.-€	360.-€
De 13.001	600.-€

Cálculo Renda per cápita anual:

Base imponible xeral+Base imponible do aforro / nº membros unidade familiar da última Declaración da Renda

8º INFORMACIÓN E CONSULTAS

Nas páxinas web www.vigoeningles.org/convocatoria e/ou www.escolasvigo.org/vigoeningles ou dirixirse ao Servizo Municipal de Educación. Concello de Vigo , Praza do Rei s/n, Planta 11ª
E-mail: vigoeningles@vigo.org
Tfno: 986-810181